ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Pino Manso
CURSO: 2º FP Básica
MATERIA: Formación en centros de traballo
DEPARTAMENTO: FP Básica-Informática e comunicacións
DATA: 08 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Todos os que aparecen na programación asociados ao RA1 (CA1.1 a CA1.7)	RA1. Realiza operacións auxiliares na montaxe de sistemas microinformáticos, aplicando os procesos do sistema de calidade establecido na empresa e os correspondentes protocolos de seguridade
Todos os que aparecen na programación asociados ao RA2 (CA2.1 a CA2.8)	RA2. Realiza operacións de mantemento en sistemas microinformáticos e periféricos, seguindo indicacións, segundo os plans de mantemento correspondentes
Todos os que aparecen na programación asociados ao RA3 (CA3.1 a CA3.11)	RA3. Realiza operacións de montaxe e mantemento en instalacións de redes, seguindo indicacións, segundo os plans de mantemento correspondentes
Todos os que aparecen na programación asociados ao RA4 (CA4.1 a CA4.8)	RA4. Realiza labores básicos de administración e xestión de oficina, identificando en cada caso os documentos que cumpra utilizar e as técnicas que haxa que aplicar
Todos os que aparecen na programación asociados ao RA5 (CA5.1 a CA5.8)	RA5. Actúa consonte as normas de prevención e riscos laborais da empresa
Todos os que aparecen na programación asociados ao RA6 (CA6.1 a CA6.9)	RA6. Actúa con responsabilidade e intégrase no sistema de relacións técnicosociais da empresa

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Observación indirecta
	Instrumentos: Lista de cotexo co plan individualizado de avaliación de cada alumno Rúbricas das propostas de actividades asociadas á contorna laboral
Cualificación final	Para aqueles que decidan realizar a FCT nas empresas ou institucions, ben sexa de maneira presencial (se a situación sanitaria o permite) ou mediante teletraballo (se a empresa o ofrece e o titor pode facer o seu seguimento telemático): Para obter a cualificación de **"apto"** o alumno non poderá faltar de forma inxustificada a un número de horas superior ao 10% do total (ou non estar localizado no caso do teletraballo), e consideraranse mínimos imprescindibles para unha avaliación positiva o 80% dos criterios de avaliación indicados no seu plan individualizado, incidindo especialmente na "puntualidade no traballo" e nunha "actitude correcta cara ao traballo, aos compañeiros, á prevención de riscos laborais e ás normas da empresa". Para aqueles que decidan realizar a proposta de actividades asociadas á contorna laboral que substitúa á FCT: Para obter a cualificación de **"apto"** o alumno deberá obter unha avaliación positiva no 80% dos apartados e subapartados nos que se divida o plan individualizado de actividades, e deberá cumprir os prazos de entrega fixados e non copiar nin deixarse copiar os proxectos dos outros compañeiros de clase.
Períodos extraordinarios de realizacion de FCT	O alumnado que reciba a cualificacion de **"non apto"** deberá matricularse e realizar o módulo de FCT de novo nos períodos extraordinarios que hai establecidos: setembro-decembro, xaneiro-marzo ou abril-xuño, dado que para a obtención do título académico é imprescindible a superación do módulo de FCT.
Alumnado de materia pendente (NON HAI)	Criterios de avaliación: ----------
	Criterios de cualificación: ----------
	Procedementos e instrumentos de avaliación: ----------

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Para aqueles que decidan realizar a FCT nas empresas ou institucions, ben sexa de maneira presencial (se a situación sanitaria o permite) ou mediante teletraballo (se a empresa o ofrece e o titor pode facer o seu seguimento telemático): O alumnado disporá dunha folla de actividades semanal na que irá rexistrando a modo de diario todas as tarefas ou actividades formativo-produtivas que vaia desenvolvendo dentro da empresa ou entidade. Tratarase dun plan individualizado de actividades distinto por cada alumno. Para aqueles que decidan realizar a proposta de actividades asociadas á contorna laboral que substitúa á FCT: Cada alumno realizará un proxecto individual seguindo un guión de actividades elaborado polo seu equipo docente tomando como referencia o modelo B da resolución do 23 de abril de 2020.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía que se desenvolve contempla sempre a contectividade do alumnado, dado que todos os que accederon á realización da FCT dispoñen de medios técnicos. O equipo docente do IES Pino Manso mantén unha comunicación fluída entre os seus integrantes e tamén co alumnado. Despois de informar aos alumnos das implicacións da resolución do 23 de abril de 2020, ofréceselles a posibilidade de elexir entre a realización da FCT na empresa que tiñan asignada (sempre que a situación sanitaria o permita, a empresa o autorice e o alumno non presente riscos de saúde) ou realizar a proposta de actividades que a substitúe. A sinatura dos convenios (no caso de que realice finalmente a FCT na empresa) poderase facer presencialmente, con sinatura electrónica, a través da remisión por correo ou mensaxería. O seguimento do alumnado farase de xeito telemático en calquera das dúas opcións (FCT en empresa ou Proposta de actividades). Será equivalente á recepción quincenal presencial por parte do titor no centro educativo. A través da aula virtual o alumnado recibirá todo o asesoramento e apoio que precise para a realización da FCT. A data de comezo dentro do período ordinario en ningún caso será posterior ao 28 de maio, co obxectivo de rematar a FCT o 19 de xuño e cumprir o mínimo establecido de 130 horas.
Materiais e recursos	Aula virtual do centro. Correo electrónico. Servizo de videoconferencia CISCO Webex. Mensaxería da aplicación AbalarMóbil.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado foi convocado mediante o servizo Webex o pasado 6 de maio para seren informados das modificacións introducidas pola Resolución do 23 de abril de 2020 no ámbito de realización da FCT. Igualmente, será enviado un correo electrónico a cada alumno para que decida se realizar a FCT na empresa (coas condicións baixo as cales sería posible levala a cabo) ou a Proposta de actividades asociada á contorna laboral que substitúe á FCT (con distintas opcións de proxecto baseadas no modelo B). As familias recibirán unha comunicación a través da aplicación AbalarMóbil onde se lles informe da publicación na páxina web do centro da modificación da programación.
Publicidade	Esta adaptación da programación do módulo de “Formación en centros de traballo” de 2º curso de FP Básica (Informática de oficina) será publicada na páxina web do IES Pino Manso.